

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CENTRO GALLEGO DE MARACAIBO PARA O ESTABLECEMENTO DUN PUNTO DE INFORMACIÓN E ASESORAMENTO EN MARACAIBO, VENEZUELA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Centro Gallego de Maracaibo (Venezuela) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para o establecemento dun punto de información en Maracaibo para divulgar, informar e asesorar á comunidade galega que alí reside sobre os programas e as actividades que a administración autonómica desenvolve para asistir ás persoas interesadas na tramitación administrativa precisa para acceder a eles. O Centro Gallego de Maracaibo conta con infraestrutura suficiente para albergar un punto de información social e está disposta a realizar ese labor.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O Centro Gallego de Maracaibo en Venezuela é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita como comunidade galega no Rexistro da Galeguidade. Agrupa actualmente a máis de 400 persoas galegas ou de orixe galega, representativas da importante comunidade galega residente na dita cidade, un colectivo potencialmente susceptible de ser beneficiaria dos programas e actividades levados a cabo pola Secretaría xeral da Emigración.

A Secretaría Xeral da Emigración está interesada en establecer un punto de información en Maracaibo para divulgar, informar e asesorar á comunidade galega que alí reside sobre os programas e as actividades que a administración autonómica desenvolve para asistir ás persoas interesadas na tramitación administrativa precisa para acceder a eles. O Centro Gallego de Maracaibo conta con infraestrutura suficiente para albergar un punto de información social e está disposta a realizar ese labor.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade, a única destas características existente en Maracaibo (Venezuela), é a institución idónea para o outorgamento dunha axuda de carácter singular que non se enmarca dentro da súa actuación xeneralizada de axudas, dado que non é posible promover a concorrencia pública, ao amparo do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para o financiamento das actuacións previstas, a Secretaría Xeral da Emigración achegará sete mil euros (7.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non



poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados no Texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

